

RESOLUCIÓN

Asunto: *Solicitud de acceso a información pública*

Interesado/a: *Miguel Angel Delgado González*

Expediente: *TR_7/2019*

Vista a solicitud de acceso á información pública presentada o 8 de setembro de 2019 por Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. 32413124Y e domicilio na rúa Juan Castro Mosquera, 28, 2º, 15005 A Coruña, que deu lugar ao inicio do procedemento para o exercicio do dereito de acceso a información, dítase a presente resolución en base aos seguintes,

FEITOS

PRIMEIRO- O 8 de setembro de 2019, Miguel Ángel Delgado González presentou un escrito de solicitud de acceso a información pública relativa a Oficina Técnica da TDT, dependente da Secretaría Xeral de Medios, nos rexistros da Xunta de Galicia dos anos 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e previsión 2020.

SEGUNDO - O 10 e o 19 de outubro de 2018, Miguel Ángel Delgado González presentou escritos de recusación da secretaria xeral de Medios en relación a todos os expedientes relacionados coa súa persoa e coa entidade PLADESEMPEMESA, que foi estimado por Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, no que se nomea como substituto ao subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Secretaría Xeral de Medios.

TERCEIRO - Analizada a solicitud de acceso á información pública formulada e visto que a información que solicita entra dentro do ámbito das funcións da Subdirección Xeral de Enxeñaría e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia, segundo o artigo 3 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia, solicitóuselle a información á esta subdirección.

CUARTO- O 24 de setembro de 2019 a Subdirección Xeral de Enxeñaría e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia remitiu informe.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO- Competencia

De conformidade co artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución da solicitude de acceso a información relativa a comunicación audiovisual corresponderá á persoa titular da secretaría xeral de Medios.

Non obstante, de conformidade co Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, polo que se admite o incidente de recusación formulado polo interesado, a competencia para resolver este procedemento administrativo corresponderá ao subdirector xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios.

SEGUNDO- Normativa aplicable

- Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Orde do 3 de marzo de 2016 pola que se aproba o modelo normalizado de solicitude de acceso á información pública da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia.

TERCEIRO- Prazo

De conformidade co artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, *“a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaran, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver”*.

De conformidade co establecido nos artigos 26 e 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e segundo o informado pola Subdirección Xeral Enxeñaría e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia,



RESOLVO

Conceder a Miguel Ángel Delgado González o acceso á información, nos termos expresados no devandito informe:

A oficina técnica da TDT non dispón de personalidade xurídica propia, tratase dun servizo para a información relacionada coa televisión dixital xestionado pola propia Secretaría Xeral de Medios. Para canalizar toda a información relativa a televisión dixital dende a Secretaría Xeral de Medios cóntase cunha páxina web (www.tdtgalicia.es), un enderezo electrónico (oficinatdt@xunta.es) e un teléfono de información (881 866 388), todos eles pertencentes ós medios técnicos e servizos xerais da Xunta de Galicia e xestionados pola Secretaría Xeral de Medios.

Dito isto, respecto de cada un dos puntos dos que se solicita información e se require documentación acreditativa:

a) Subvención e axudas públicas recibidas ou tramitadas pola oficina técnica da TDT na Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia: Non constan subvencións de ningún tipo recibida ou tramitadas pola oficina técnica da TDT durante os anos 2013 a 2019 e previsión para 2020.

b) Orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información sobre o estado de execución da oficina técnica da TDT entre os anos 2013 a 2019: Non constan orzamentos ou partidas orzamentarias por parte da oficina técnica da TDT no período 2013 a 2019.

c) Contas anuais e informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control externo que foran emitidos, e as actas onde conste a aprobación de contas pola xunta xeral da oficina técnica da TDT entre os anos 2013 a 2019 e previsión para 2020: A oficina técnica da TDT non dispón de contas anuais e non constan informes de auditoría de contas nin de fiscalización por parte de órganos externos de control entre os anos 2013 e 2019, nin previsión para 2020.

d) Retribucións percibidas anualmente polo Presidente, Director e altos cargos de confianza, asesores, seus cargos e vogais, en forma de dietas, pluses, asistenciais ou calquera outro tipo non previsto, entre os anos 2013 a 2019 e previstos para 2020: Non constan retribucións de ningún tipo por parte de presidente, director, altos cargos de confianza, asesores, seus cargos e vogais da oficina técnica da TDT.

e) Copia das actas e convenios de acordos que afecten a terceiros, entre os anos 2013 a 2019 e previsión para 2020, da oficina técnica da TDT: Non constan actas nin convenios de acordos celebrados pola oficina técnica da TDT, que afecten a terceiros para o período de 2013 a 2019 e previsión para 2020.

f) Acordos e actuacións encargadas ao gabinete xurídico para preitos dos responsables da oficina técnica da TDT con cargo ós fondos públicos ou subvencións



entre os anos 2013 a 2019 e previsión para 2020: Non constan acordos nin actuacións encargadas ao gabinete xurídico para preitos dos responsables da oficina técnica da TDT, con cargo ós fondos públicos ou subvencións entre os anos 2013 a 2019 nin previsión para 2020.

g) Informe xustificativo da financiación das campañas e recursos dedicados a publicidade e ingresos relacionados coa oficina técnica da TDT entre os anos 2013 a 2019 e previsión para 2020: Non constan nin informes xustificativos de financiación de campañas, nin de recursos dedicados a publicidade, nin ingresos, relacionados coa oficina técnica da TDT entre os anos 2013 a 2019 nin previsión para 2020.

h) Inscripción da oficina técnica da TDT dende os anos 2013 a 2019 no rexistro de entidades públicas do Goberno do Estado, Xunta de Galicia ou órgano correspondente: Non constan inscricións no rexistro de entidades públicas do Goberno do Estado, Xunta de Galicia ou órgano correspondente, da oficina técnica da TDT, entre os anos 2013 a 2019 nin previsión para 2020.

i) Acta fundacional e copias dos DOGas da oficina técnica da TDT dende os anos 2013 a 2019, e previsión para 2020, con incidencia na renovación dos seus cargos, nomeamentos e ceses: Non consta acta fundacional nin copias das publicacións do nomeamento, renovación ou cese dos cargos da oficina técnica da TDT, no período 2013 a 2019 nin previsión para 2020.

j) Estatutos de cargos e identificación das persoas físicas que os representan, no período 2013 a 2019 e previsión para 2020, da oficina técnica da TDT, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro, Vocais, cargos de confianza, asesores...: Non constan estatutos de cargos da oficina técnica da TDT, nin identificación das persoas físicas que os representen, para o período 2013 a 2019, nin previsión para 2020.

k) Identificación dos membros que integran o Consello de Administración da oficina técnica da TDT dende o ano 2013 a 2019 e previsión para 2020: Non constan identificación de membros que integran o Consello de Administración da oficina técnica da TDT para os anos 2013 a 2019, nin previsión para 2020.

l) Listado de contas bancarias das que sexa titular a oficina técnica da TDT dende o ano 2013 a 2019, e outros bens pertencentes a entidade, con copia do estrato de tarxetas, teléfonos móbiles que houbese con cargo a fondos públicos subvencionados ós membros de confianza e asesores, vogais....: Non constan contas bancarias das que sexa titular a oficina técnica da TDT, nin outros bens de titularidade da oficina técnica da TDT, nin tarxetas, nin teléfonos móbiles con cargo a fondos públicos subvencionados ós membros de confianza, asesores ou vogais da oficina técnica da TDT, entre o período 2013 a 2019.

m) Copias dos contratos ou convenios da oficina técnica da TDT coa Xunta de Galicia, dende os anos 2013 a 2019 e previsión para 2020: Non constan contratos ou convenios entre a oficina técnica da TDT e a Xunta de Galicia no período 2013 a 2019 nin previsión para 2020.



n) Copias das actas, rexistros ou ordes que identifiquen ó autor do expediente nas que se lles neguen os dereitos informativos e peticións de información pública existentes no expediente relacionado con estas peticións e identificación do funcionario responsable de trasladar a negativa: Non constan actas, rexistros ou ordes nas que se neguen os dereitos informativos e peticións de información pública existentes, en ningún expediente relacionado con estas peticións.

ñ) Copias do contrato do servizo informático da web www.tdtgalicia.es, coste, mantemento e copia da súa partida orzamentaria, da oficina técnica da TDT, entre os anos 2013 e 2019 e previsión para 2020: Non constan contratos de servizos informáticos da web www.tdtgalicia.es, nin conste de mantemento, nin partida orzamentaria, da oficina técnica da TDT, entre os anos 2013 e 2019 nin previsión para 2020.

o) Copia dos documentos públicos borrados da web www.tdtgalicia.es, nos anos 2013 a 2019 e previsión para 2020, na matriz do Consello Asesor do Audiovisual e Dixital de Galicia: Non constan os documentos públicos indicados no apartado o) da solicitude, da web www.tdtgalicia.es, entre os anos 2013 e 2019 nin previsión para 2020.

Contra esta resolución, que pon fin a la vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou, previa e potestativamente, poderase interpoñer reclamación ante a Valedora do Pobo no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Notifícaselle esta resolución a Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. 32413124Y, por medio de notificación electrónica elixida como preferente na súa solicitude, segundo o esixido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe

A secretaria xeral de Medios

(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga

